

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES VIRXE DO CARME DE RIANXO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou ca Confraría de pescadores Virxe do Carme de Rianxo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de pescadores Virxe do Carme de Rianxo para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

1.Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: remoción manual e con tractor.

1.2. Control de depredadores/competidores: colocación de redes nas zonas onde hai rastros de ouxas cun barco e retirada o día seguinte.

1.3. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos : retirada manual.

1.4. Rareos e traslados : extracción de individuos de talla non comercial con sacos e rastrelos en capachos no banco de orixe levando á zona de destino no coche isoterma.

1.5.Tarefas en sistemas de preengorde en zonas acoutadas: sementeira da ameixa e colocación da rede sobre o substrato unha vez sementada a ameixa, e limpeza das mesmas cada 15 días ata a súa retirada e rareo.

1.6. Sementeira: polas mariscadoras previo acondicionamento do substrato con sachos ou tractor.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

Tlf. 981 546 177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal

Páx. 1 de 3



1.7. Participación en accións de formación: cursos de formación para mariscadoras relacionados con economía azul, lixo mariño...

2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: grupos reducidos repartidos polos distintos bancos.

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: extráese o contido e cribase para medición e estimación de stocks.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

Tlf. 981 546 177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal

Pág. 2 de 3



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% – Programa para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – O.E. 1.6 – T.A. 1.6.1 – T.I. 6]
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

- O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 29 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de pescadores Virxe do Carme de Rianxo para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.
- O convenio asinouse o día 15 de xullo do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

